

outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL MANUEL MARÍA. OLEIROS



MONOGRÁFICO DE MATERNAR E PATERNAR NA LITERATURA: A FAMILIA

“O que algúns chaman moda literaria ten que ver con algo do que por tantos séculos non se falou e sobre o cal temos moito que dicir. Cada maternidade é única, porque cada maternidade está atravesada pola economía, a personalidade, as familias, a política. Entón, pensar que todo está dito é absurdo”.

Desmitificando maternidades e paternidades na literatura.

LIBRO 1: HISTORIA DE LOS VERTEBRADOS, de Mar García Puig. 24/10/24

O que debería ser o día máis feliz na vida da narradora desta novela convértese no inicio dunha historia de loucura. A ansiedade apodérase dela e o peso do mundo cae sobre os seus ombreiros por partida dobre: debe coidar os seus xemelgos recentemente nados e dar voz aos que confiaron nela.

Esta historia indaga nunha ferida persoal para conectar con loitas universais, e é unha viaxe a través da arte, a literatura, a mitoloxía e a historia da medicina.

LIBRO 2: OS SERES QUERIDOS, de Berta Dávila. 21/11/24

Cinco anos despois de ser nai, a protagonista desta novela atópase inesperadamente na disxuntiva de decidir se quere volver a selo ou non. O recordo doloroso do primeiro ano de crianza do seu fillo devólvelle un reflexo da experiencia que non resulta doado encaixar, atravesado pola culpa e o arrepentimento. Desde o relato das derradeiras semanas do ano, onde as reunións familiares se mesturan con acontecementos repentinos, a narradora fálanos da familia e da parella, dos lazos que non se escollen, pero tamén do loito, da amizade e da capacidade da literatura para recoller aquilo ao que nos custa poñerlle nome.

LIBRO 3: CANCIÓN DULCE, de Leila Slimani. 19/12/24

Leila Slimani desprega un inquietante thriller onde, a través dos personaxes, revélanosen os problemas da sociedade actual, coa súa concepción do amor e da educación, do sometemento e do diñeiro, dos prexuízos de clase e culturais. "Canción dulce" gañou o Premio Goncourt 2016.

LIBRO 4: LLÉVAME A CASA, de Jesús Carrasco. 16/01/25

Unha novela familiar que reflicte de forma brillante o conflito de dúas xeracións, a que loitou por saír adiante para transmitir un legado e a dos seus fillos, que necesitan afastarse en busca do seu propio lugar no mundo. Nesta emotiva historia de aprendizaxe, Jesús Carrasco traza unha vez máis personaxes formidables sometidos a decisións fundamentais cando a vida os pon contra as cordas.

BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO
CONCELLO DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE
OUTUBRO 24 - XANEIRO 25

/ BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL
MANUEL MARÍA. OLEIROS

Oleiros